

AO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO

Praza da Estrela, 1

36201 - VIGO

Por ser lexítimo o interese, ao amparo da lexislación vixente, en tempo e forma, e como mellor en DEREITO proceda, as persoas que subscriben este DOCUMENTO, a título individual, ou como representantes dos colectivos que se sinalan, e con enderezo a efectos de notificación en Praza do Progreso 2-2º Cangas 36940,

COMPARECEMOS,

e **EXPOÑEMOS** que a tenor do contemplado na vixente **Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común**, que no seu artigo 42. **-Obrigación de resolver-** 1., párrafo 1º, establece que: **A Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación., e 3. -Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses.,**

POLO CAL,

TENDO EN CONTA que non se produciu o preceptivo TRÁMITE DE AUDIENCIA contemplado no artigo 84 da Lei 30/1992 , e que O PRAZO de RESOLUCIÓN EXPIROU sen que a Autoridade Portuaria de Vigo se pronunciara no concernente a responder ás ALEGACIONES presentadas ao Plan de Utilización dos espazos portuarios - art.96 da Lei 48/2003, de 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral- ,

SOLICITAMOS:

que a tenor do disposto no artigo 44. **-Falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio -**, 2. que establece que: **Nos procedementos nos que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, producirase a caducidade. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións, cos efectos previstos no artigo 92.,**

CONSECUENTEMENTE,

INSTAMOS á Autoridade Portuaria de Vigo a que proceda á REDACIÓE e TRAMITACIÓE dun NOVO PLAN DE UTILIZACIÓE DOS ESPAZOS PORTUARIOS acorde coas estipulaciÓE das vixentes Leis 27/1992, e 48/2003.

OUTROSÍ DICIMOS: Por mor do contemplado nas antes citadas **Leis 27/1992 e 48/2003, INSTAMOS** á Autoridade Portuaria de Vigo a **ABSTERSE** de programar, iniciar, tramitar, publicitar -con diÑeiro pÚblico-, etc. calquera tipo de iniciativas, "proxeitos", "ILUSIÓE", concursos, etc. dentro do Ámbito da xurisdicIÓE portuaria sempre que non se resolva a situaciÓE contenciosa apuntada, tendo en conta que **NINGUNHA DELAS SERÁ ACORDE** co que se poderÁ contemplar no **INEXISTENTE PLAN DE UTILIZACIÓE DOS ESPAZOS PORTUARIOS**.

SEGUNDO OUTROSÍ DICIMOS: No suposto caso de que por parte da Autoridade Portuaria de Vigo preténdase responsabilizar, culpar, ou utilizar – por e para calquera tipo de xustificaciÓE- á totalidade -ou a calquera dos asinantes deste escrito- no referente ao normal funcionamento -ou ao futuro desenvolvemento- do porto de Vigo, **ADVERTÍMOSLLES**, encarecidamente, que iniciaremos todas aquelas actuaciÓE xudiciais que estimemos oportunas e pertinentes -incluída a **QUERELA CRIMINAL**- contra todos e cada un dos compoÑentes do Consello de AdministraciÓE da Autoridade Portuaria de Vigo que participen ou sexan coniventes nas resoluciÓE, manifestaciÓE -sexan do tipo que sexan-, ou publicaciÓE -sexa cal fora o medio- nas que nos vexamos involucrados.

E ASINAN EN VIGO A 26 DE XANEIRO DE 2007:

ADEGA, Bouzas móvete, Foro Social de Cangas, Luita Verde, Plataforma en Defensa da Enseada de San Simón, Salvemos Monteferro e Verdegai